

8. Requisitos de idade

Con carácter xeral, poden matricularse nas ensinanzas de adultos **as persoas maiores de 18 anos ou que os cumpran ata o 31 de decembro do ano 2021**. No caso das persoas que se matriculen no segundo cuadri mestre, deberán cumplir os dezaoito anos antes do 29 de abril de 2022.

Tamén poderá matricularse na educación secundaria de persoas adultas quen cumpra algúns dos seguintes requisitos:

- Ser maior de dezaseis anos e ter un contrato laboral que impida acudir aos centros educativos en réxime ordinario
- Ser deportista de alto rendemento
- Ter cursado ensinanzas de persoas adultas en anos anteriores.

A xefatura territorial tamén poderá autorizar a matriculación na educación secundaria para persoas adultas do alumnado que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico. Para iso será necesario presentar a seguinte documentación: certificación médica oficial, informe da xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia e informe da inspección educativa. A xefatura territorial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria a distancia a aquelas persoas que estean en centros de menores con medidas legais de internamento en réxime pechado ou terapéutico.